



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) queremos informarvos de que a Comisión Europea publicou onte as [primeiras convocatorias](#) do novo Programa de Investigación e Innovación da UE, [Horizon 2020](#).

O novo programa, que conta cun orzamento de 77.000 millóns de euros (excluíndo EURATOM) foi deseñado coa intención de rematar coa distancia entre a investigación e a innovación, resolvendo ao mesmo tempo os retos sociais aos que se enfrenta Europa, sen esquecer o crecemento e o emprego.

Toda a información oficial sobre as convocatorias está dispoñible no [Portal do Participante](#), no que a Comisión Europea levou a cabo unha reforma para facelo máis amigable e fácil de utilizar. Entre as principais novidades está a inclusión dun [buscador por palabras clave](#) que permite acceder de maneira rápida a unha listaxe de todas as convocatorias relacionadas co tema do noso interese.

O precursor de Horizon 2020, o VII Programa Cadro (2007 - 2013), supuxo unha grande oportunidade para a ciencia e a innovación galegas, que con máis de 220 actividades financiadas, obtiveron preto de 77 millóns de euros de financiamento, situando a Galicia en sexta posición por volume de retorno a nivel nacional ([Informe sobre participación española en VII Programa Marco](#)).

A Axencia Galega de Innovación quere animarvos a participar en Horizon 2020 como unha oportunidade única para mellorar a competitividade das entidades innovadoras galegas con visión internacional.

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.